

INFORME SOBRE A MEMORIA DE CALIDADE DA ESCOLA DE TRABALLO SOCIAL

O 14 de xullo de 2020 recíbese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) a Memoria de Calidade da Escola de Traballo Social correspondente á revisión do curso 2018-2019, solicitando o informe técnico. A memoria foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro de acordo co proceso PE- Revisión e Mellora do Sistema de garantía de calidade da Universidade de Santiago de Compostela.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo co proceso de Revisión e Mellora a análise de funcionamento de cada un dos títulos e do SGIC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual do centro.

Deste xeito, o centro deberá analizar o desenvolvemento e os resultados dos seus títulos así como o funcionamento do seu Sistema de garantía de calidade, tendo en conta a súa planificación estratéxica e os seus obxectivos, no marco da planificación da institución.

INFORME:

A Memoria de calidade 2018-2019 da Escola de Traballo Social , recolle os contidos mínimos establecidos:

- Introducción
- Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados
- Plan de melloras do centro
- Anexo. Informes de seguimento dos títulos impartidos no centro

En cada apartado realízanse as análises e reflexións oportunas, realízase o seguimento das melloras formuladas en anos anteriores, propóñense melloras a implantar para o seguinte ciclo e analízase o funcionamento do Sistema de garantía de calidade, polo que se **informa favorablemente** o documento.

De acordo co proceso establecido, a vicerreitoría con competencias en calidade daralle traslado da memoria á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello do Goberno que poderá, de ser o caso, formular recomendacións.

Jose Manuel Villanueva Prieto

Xefe da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XEFE DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DE PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/07/2020 13:09:48.

CSV: DDED-59E7-42E2-820C



MEMORIA DE CALIDADE

**Escola Universitaria de Traballo Social
(Centro adscrito á USC)**

Curso Académico:2018 /2019

(Aprobada pola Comisión Delegada de Xunta de Centro o 15 de xullo de 2020)

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 2 de 53

Índice

1. <u>Introdución</u>	3
2. <u>Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade</u>	4
3. <u>Plan de Melloras do Centro</u>	14
4. <u>Anexo: Informe de seguimento</u>	22

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 3 de 53

1. Introducción

A Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS) de Santiago de Compostela é pioneira na formación de traballadores sociais en Galicia, ten as súas orixes na Escola de Asistentes Sociais fundada no ano 1957. A súa personalidade xurídica foi ostentada pola Escola de Ensino Social de Galicia ata 1999. A partir dese ano pasa a depender da *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais*, entidade declarada de interese galego e de interese docente. A Escola está adscrita á Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1983.

A política de calidade da EUTS ten como referencia a política de calidade da USC, e o Sistema de Garantía Interna de Calidade propio (SGIC) que responde ás características específicas do centro dado o seu carácter adscrito.

Nesta Memoria de Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social referida ao ano académico 2018-2019, inclúese información relativa ao Sistema de garantía Interna de Calidade (SGIC), e o plan de melloras do título de Grao en Traballo Social (revisión das accións do curso 2018-2019 e as novas propostas para o curso 2019-2020) derivadas do seguimento do título. O Informe de Seguimento do curso 2018-2019 foi informado favorablemente pola Comisión de Calidade na reunión celebrada o 23 de xuño de 2020, e aprobado o día 25 de xuño pola Comisión Delegada de Xunta de Centro, tras a súa elaboración pola Comisión de Título do Grao, e foi a base para elaborar esta Memoria sometida a aprobación da Comisión Delegada de Xunta de Centro na súa reunión de 15 de xullo de 2020.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 4 de 53

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O ámbito de aplicación do SGIC afecta á titulación oficial de Grao en Traballo Social.

A Comisión de Calidade do Centro é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. Estará formada por:

- Directora do Centro (Presidenta)
- Responsable de Calidade do Centro
- Coordinadora de Título
- Xefa de Sección (PAS)
- Un/ha alumno/a (preferentemente alumno/a-titor/a)
- Outros membros que a Directora considere oportuno (dous docentes)

Entre as funcións principais da Comisión de Calidade, destácanse as seguintes:

- a. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- b. Elaborar a Memoria de calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
 - Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora
 - Informe de seguimento dos títulos

A documentación base para o desenvolvemento do SGIC, ademais da normativa que afecta ao ensino universitario, é o Manual propio do SGIC e procesos asociados, é a seguinte:

- .- Memoria de Verificación do Título de Grao en Traballo Social
- .- Informe final de Renovación da acreditación do título
- .-Regulamentos propios do centro
- .-Plan Estratéxico propio
- .-Acordos dos Órganos de goberno e Comisións do centro.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 5 de 53

Reunións da Comisión de Calidade:

As reunións celebradas pola Comisión de calidade ao longo do curso 2018-2019, e os principais asuntos abordados foron:

-15 de marzo de 2019

Informe favorable do Informe de seguimento 2017-2018 do Grao en Traballo Social

-29 de abril de 2019

Plan de Melloras do Centro

Reunións da comisión de Título en relación ao SGIC:

A USC desde a súa Area de calidade facilita ao centro os datos dos principais indicadores que son obxecto de análise no Informe de seguimento. O centro ten establecido indicadores propios, e xenera documentos que son obxecto de análise na Comisión de Título do Centro, entre as celebradas destacar aquelas que teñen relación co SGIC :

-22 de outubro de 2018:

Informe da Coordinadora de Título das xestións realizadas en relación ao regulamento do Comité Ético da Escola.

Aviso da comunicación ACMP do prazo para enquisas opinión alumnado.

-31 outubro de 2018:

A directora informa das melloras producidas nos equipos informáticos e da wifi.

-3 de decembro de 2018:

Informe académico da Coordinadora de Título do curso 2017-2018

-16 xaneiro 2019.

Proposta límite de prazas Grao 19-20.

-1 de febreiro de 2019:

Inicio proceso de eleccións para representantes do alumnado na Xunta de Centro

-14 de febreiro de 2019:

Informe PDA para 2019-2020

-22 de febreiro de 2019:

Alumnado solicitante do programa titores da USC

-14 de marzo de 2019:

Análise da información relativa ao Informe de seguimento 17-18.

Propostas de mellora

-5 abril de 2019:

Revisión do Catálogo de recoñecemento de créditos desde FP Superior.

-6 de xuño de 2019:

Informe abandono potencial remitido pola USC

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 6 de 53

-17 xuño 2019:

Aprobación programas materias 2019-2020.

Informe da Coordinadora de Título sobre abandono potencial .

-23 xullo 2019:

Modificación mobiliario (cadeiras e mesas) na Aula 3 e na Sala de Estudio.

Principais indicadores do SGIC:

Preséntanse a continuación os resultados dos indicadores recollidos no SGIC facilitados pola USC para o curso 2018-2019, e que foron obxecto de análise no Informe de seguimento correspondente, e establecendo principalmente a comparativa cos dous cursos inmediatamente anteriores:

- Indicadores de xestión do título:

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Prazas ofertadas IN1G	80,00	80,00	80,00	80,00
Matrícula IN2G	272,00	254,00	264,00	282,00
Matrícula de novo ingreso IN3G	63,00	81,00	87,00	89,00
Matrícula de inicio de estudos IN4G	62,00	77,00	83,00	86,00
Variación de matrícula de inicio de estudos IN5G	-4,62	24,19	7,79	3,61

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Nota media de acceso por preinscrición (5-14) IN06G	6,48	6,50	6,72	7,35
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G	61,29	57,89	69,51	82,35
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G	1,10	0,39	1,14	1,42
Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia IN09G	1,47	2,36	2,27	2,84
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G	60,00	63,75	67,50	70,00
Taxa de ocupación (%) IN12G	77,50	96,25	103,75	107,50

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 7 de 53

CURSO	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DE TEORIA	MEDIA ALUMNADO POR GRUPO DOCENCIA INTERACTIVA
2015-16	52,12	27,16
2016-17	54,19	28,43
2017-18	57,07	30,06
2018-19	non dispoñible	30,94

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total matriculados Grao Traballo Social IN17C	1,47	2,36	1,14	2,84
Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total matriculados Grao Traballo Social IN18C	1,47	3,94	4,55	2,48

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresa e institucións IN22G	93,75	96,15	98,04	97,73

	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (1-5) IN19G e o documento INF.06	4,11	4,70	4,46	4,16
Taxa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas (1-5) IN20G e o documento INF.07	4,16	4,64	4,30	4,21
Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (1-5) IN21G e o documento INF.08	4,80	4,91	4,91	4,88

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Tráballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 8 de 53

-Resultados da aprendizaxe:

Taxa de rendemento IN34G	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
EUTS	85,53	87,13	86,33	86,74

Taxa de rendemento (IN34G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	69,76	79,69	76,41	85,73
2º curso	86,00	85,87	90,68	83,95
3º curso	88,80	90,66	90,08	87,90
4º curso	95,99	98,19	94,27	91,19
Sen asignación a curso	78,85	69,05	56,25	93,02
Total (%)	85,53	87,13	86,33	86,74

Taxa de éxito IN35G	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
EUTS	89,98	91,79	90,49	91,14

Taxa de éxito (IN35G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	78,83	86,54	82,73	91,04
2º curso	88,45	89,66	92,73	87,46
3º curso	91,55	94,85	91,87	91,43
4º curso	98,30	99,56	98,69	96,12
Sen asignación a curso	100,00	82,86	100,00	100,00
Total (%)	89,98	91,79	90,49	91,14

Taxa de avaliación IN36G	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
EUTS	95,05	94,93	95,40	95,17

Taxa de avaliación (IN36G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	88,50	92,09	92,36	94,17
2º curso	97,23	95,78	97,79	95,99
3º curso	97,00	95,57	98,05	96,13
4º curso	97,65	98,63	95,52	94,86
Sen asignación a curso	78,85	83,33	56,25	93,02
Total (%)	95,05	94,93	95,40	95,17

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019		Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020	
	FORMATO		Páxina 9 de 53	

-Satisfacción e rendemento:

Taxa de graduación IN37G	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	-	75,27	69,66	78,31	76,09	80,85

Taxa de duración media dos estudos IN38G	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,00	4,14	4,15	4,34	4,17	4,35

Taxa de abandono durante o primeiro curso IN40G	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	5,38	11,24	12,05	17,39	4,84	17,02	27,54

Taxa de abandono RD 1393/2007 IN41G	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	15,05	23,60	16,87	21,74	9,68

Taxa de éxito dos egresados IN50G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	96,90	94,70	94,27	93,85

Taxa de idoneidade na graduación IN51G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	60,67	67,47	69,57	67,74

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) IN53G	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	96,37	94,05	94,27	93,85

Satisfacción alumnado con prácticas externas IN19G	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	4,52	4,11	4,70	4,46	4,16

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 10 de 53

Media de satisfacción dos/as titores/as profesionais cos programas de prácticas externas IN20G	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-018	2018-19
EUTS	4,17	3,84	4,16	4,64	4,30	4,21

Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	3,84	4,16	4,64	4,30	4,21
Media USC	4,11	4,11	4,12	4,22	4,13

Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas IN21G	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,77	4,80	4,91	4,91	4,88

Satisfacción do profesorado titor académico	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	4,77	4,80	4,91	4,91	4,88
Media USC	4,23	4,18	4,29	4,34	4,40

Media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,03	4,22	4,20	4,19	4,15

Taxa de resposta do alumnado coa docencia recibida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	18,54	36,06	37,05	27,01	34,64

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	4,03	4,22	4,20	4,19	4,15
Media USC- Graos	3,81	3,87	3,85	3,88	3,96

Media de satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,38	4,40	4,48	4,43	4,64

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 11 de 53

Taxa de participación do profesorado na enquisa sobre satisfacción coa docencia	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	44,44	68,75	73,33	92,86	-

Media de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	3,12	3,43	3,37	3,93	3,38

Taxa de participación dos egresados na enquisa de satisfacción	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	8,33	8,97	12,90	30,77	-

No curso 2018-2019 **non se dispón** do dato da taxa de participación das persoas egresadas na enquisa de satisfacción

Satisfacción coa formación recibida na titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS Formación teórica	3,75	3,29	3,90	4,56
Media USC Formación teórica	3,53	3,56	3,56	3,61
Media EUTS Formación práctica	3,38	2,86	3,10	3,87
Media USC Formación práctica	2,46	2,67	3,64	2,74

	Curso 2017-18	
	Media EUTS	Media USC
Valoración egresados respecto		
A formación recibida cumpriu as expectativas creadas antes de empezala	4,19	3,20
Satisfacción global co profesorado da titulación	4,56	3,12
Adecuación dos horarios, calendario académico e de exames	4,13	2,79
Información e apoio recibido nas actividades de acollida e presentación	4,44	3,00
Infraestruturas e materiais dispoñibles	3,33	2,89

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 12 de 53

-Inserción laboral:

Enquisa realizada polo centro en xuño-xullo de 2019

Enquisa propia a egresados					
	Alumnado egresado	Alumnado co que se fai o contacto	Alumnado que resposta	% de resposta sobre o curso	% de resposta sobre o alumnado co que se fai o contacto
2016-17	52	48	48	92,3	53,3
2017-18	52	42	42	80,8	46,7
TOTAL	104	90	90	-	100,0

Situación laboral alumnado egresado		
	2016-17 %	2017-18 %
Traballan ou traballaron	87,5	69,0
Non traballou nunca	12,5	31,0
	BASE (48)	BASE (42)

Ocupación alumnado egresado		
	2016-17 %	2017-18 %
Traballa ou traballou como Traballador/a Social ou relacionado	64,3	34,5
Traballa ou traballou sen relación co Traballo Social	35,7	65,5
	BASE (42)	BASE (29)

Tipo de xornada dos/as egresados/as ocupados/as como Traballadores/as Sociais		
	2016-17 %	2017-18 %
Xornada completa	74,4	40,0
Media xornada	7,4	30,0
Por horas	18,5	30,0
	BASE (27)	BASE (10)

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 13 de 53

Tipo de contrato dos/as egresados/as ocupados/as como Traballadores/as Sociais		
	2016-17 %	2017-18 %
Indefinido	18,5	10,0
Temporal	66,7	70,0
En prácticas	11,1	10,0
Bolsa	3,7	10,0
	BASE (27)	BASE (10)

Tipo de empresa na que traballaban no momento da enquisa ou anteriormente como Traballadores/as sociais		
	2016-17 %	2017-18 %
En empresa pública	25,9	21,6
En empresa privada	74,1	78,4
	BASE (27)	BASE (10)

Lugar de traballo no momento da enquisa ou anteriormente como Traballadores/as sociais		
	2016-17 %	2017-18 %
En Galicia	88,9	100,0
Fora de Galicia	11,1	-
	BASE (27)	BASE (10)

Egresados/as que continuaron a súa formación		
	2016-17 %	2017-18 %
Grao	-	3,6
Máster	72,4	35,7
Ciclo	-	3,6
Cursos	6,9	14,3
Oposita	20,7	42,8
	BASE (29) (60,4 respecto ao alumnado que respostou)	BASE (28) (66,7 respecto ao alumnado que respostou)

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 14 de 53

3. Plan de Melloras do Centro

ACCIÓNS DE MELLORA DESENVOLVIDAS NO CURSO 2018-2019

Preséntase en primeiro lugar unha revisión sobre o plan de melloras do curso 2018-2019, todas elas executadas ao 100% salvo a reseñada como AM-2.1. Elaborouse tendo en conta o informe de seguimento e plan de mellora da titulación impartida no centro que se acompaña a esta Memoria.

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Baixa na taxa de participación nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese
Definición/ descrición proposta	Revisar os protocolos dirixidos a fomentar a cultura da calidade e a participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción para incrementar a participación
Datas	Finalización: 30/07/2019; Inicio: 29/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/05/2019
Responsables	M ^a Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Reunión dos coordinadores de curso coa Coordinadora de Título e a Responsable de Calidade de centro para detectar deficiencias no funcionamento dos protocolos establecidos para fomentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 15 de 53

Data prevista de finalización	12/04/2019
Responsable	Mª Jesús Castro Neo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Celebrouse a reunión tal e como se reflicte no informe que se acompaña (Arquivo: Informe AM1_tarefa1.1.pdf)
Data Comprobación	11/04/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade do SGIC. Promover no alumnado, a través do profesorado dos distintos cursos, a toma de conciencia sobre a importancia de participar nas enquisas
Data prevista de finalización	13/05/2019
Responsable	Mª Jesús Castro Neo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	A Coordinadora de Título enviou correo electrónico o 5 de abril aos coordinadores de curso indicando o prazo e que transmitisen ao profesorado de cada curso que colaborasen motivando ao alumnado para cubrir as enquisas e así mesmo se indicaba a activación dos protocolos vinculados a esta acción. (Arquivo: xustificacionAM1-tarefas2e3.pdf)
Data Comprobación	13/05/2019

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 16 de 53

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-1.3
Descrición tarefa	Difusión dos períodos de enquisas e fomento da participación a través de diferentes canles (páxina web do centro, correo electrónico, RRSS...) entre todos os grupos de interese (alumnado, egresados, profesorado, PAS, e titores/as externos/as) reforzando aqueles grupos cunha menor taxa de participación
Data prevista de finalización	13/05/2019
Responsable	M ^a Jesús Castro Neo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-1.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Se activaron os protocolos de cara a informar e motivar aos distintos grupos de interese implicados nesta acción (Arquivo: xustificacionAM1-tarefas2e3.pdf)
Data Comprobación	13/05/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 17 de 53

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-2 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro. Esta acción continua á AM-4 do curso anterior
Definición/ descrición proposta	Particularización do Manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade do Centro para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC
Datas	Finalización: 20/12/2019; Inicio: 29/01/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 18/12/2019
Responsables	Mª Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Elaboración de proposta de particularización de cada capítulo do manual de procesos do SGIC do centro. Envío á área de calidade e mellora dos procedementos da documentación proposta
Data prevista de finalización	20/12/2019
Responsable	Mª Jesús Castro Neo
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-2.1. Comprobación Nº. 1
Descrición	Non executada. Pendente de reunión coa Área de Calidade en xaneiro de

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 18 de 53

Comprobación	2020 para abordar esta actualización. Acta da Comisión de Título do día 16 de decembro de 2019 (Arquivo: CT-20-2019-16novembro.pdf)
Data Comprobación	18/12/2019
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 19 de 53

<u>ACCÍONS DE MELLORA</u>	
Código	AM-3 (Curso 2018-2019)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Por parte do alumnado solicítase a mellora no que atinxe ao mobiliario das aulas
Definición/ descrición proposta	Substitución progresiva de cadeiras e mesas en función de prioridades e partida orzamentaria
Datas	Finalización: 30/07/2019; Inicio: 03/09/2018
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 29/07/2019
Responsables	Teresa Facal Fondo
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Renovación do mobiliario para substituir equipamento
Data prevista de finalización	30/07/2019
Responsable	Teresa Facal Fondo
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Substituíronse cadeiras e mesas na Aula 3 e na Sala de lectura, tal e como comunica a Directora na reunión da Comisión de título do día 23 de xullo (Acta CT-10-2019) (Arquivo: CT-10-2019-23xullo.pdf)
Data Comprobación	29/07/2019

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 20 de 53

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS PARA O CURSO 2019-2020

As accións de mellora foron definidas nos correspondente informe de seguimento e que se anexiona a esta Memoria. Está relacionada co seguinte criterio:

-Sistema de Garantía de Calidade (C3)

ACCIÓNS DE MELLORA para Curso 2019-2020	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro. Esta acción continua á AM-2 do curso anterior
Definición/ descrición proposta	Particularización do Manual Simplificado de garantía interna de calidade para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC
Datas	Finalización: 30/07/20; Inicio: 29/01/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	M ^a Jesús Castro Neo
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Elaboración de proposta de particularización de cada capítulo do manual de procesos do SGIC do centro. Envío á área de calidade e mellora dos

		MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
		FORMATO	Páxina 21 de 53

	procedementos da documentación proposta
Data prevista de finalización	30/07/2020
Responsable	M ^a Jesús Castro Neo
Estado	Activa

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 22 de 53

4. Anexo: Informe de seguimento

Acompáñase o Informe de Seguimento do Grao en Traballo Social correspondente ao curso 2018-2019.

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Traballo Social
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Escola Universitaria de Traballo Social
Centro/s onde se imparte	Escola Universitaria de Traballo Social
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 23 de 53

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ofertáronse no curso 2018-2019 80 prazas (IN01G) as mesmas que nos dous cursos inmediatamente anteriores., sendo a matrícula de 282 persoas, 18 máis que no curso anterior(IN02G)

No curso ponte de adaptación ao grao ofertáronse as mesmas prazas que o curso anterior (5) tendo en conta a demanda de matrícula de acceso ao mesmo, e so se produxo 1 de novo ingreso.

A matrícula total de novo ingreso foi de 89 persoas (IN03G), unha delas correspondente ao curso ponte, así a variación de matrícula de inicio de estudos foi de 3,61% respecto ao curso anterior (IN05). Relevante é que continúa o incremento de matrícula de novo acceso, por encima de 80 nos tres últimos cursos tendo como referencia o punto de inflexión do descenso que se produxo entre os cursos 2013 a 2016, en parte debido á caída na demanda de matrícula no curso ponte.

Da matrícula de novo ingreso 86,0 o fan pro primeira vez na universidade (IN04G), tres máis que no curso anterior.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Prazas ofertadas IN01G	80,00	80,00	80,00	80,00
Matrícula IN02G	272,00	254,00	264,00	282,00
Matrícula de novo ingreso IN03G	63,00	81,00	87,00	89,00
Matrícula de inicio de estudos IN4G	62,00	77,00	83,00	86,00
Variación de matrícula de incio de estudos IN5G	-4,62	24,19	7,79	3,61

A nota media de acceso segue a tendencia a alza (IN06G) iniciada xa en cursos anteriores, acadando o valor de 7,35 .Así mesmo volveu a incrementarse como no curso anterior en doce puntos a porcentaxe daqueles que accederon con unha puntuación igual ou superior a seis (IN07G) pasando de 69,51% a 82,35.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 24 de 53

Ao valorar a relación de estudantes de novo ingreso que solicitou en primeira opción estudar o grao en traballo social na USC (IN10G), vemos que segue tamén unha tendencia a alza acadando unha cifra de 70,00%, 2,5 puntos máis que o curso inmediatamente anterior.

A maioría do alumnado matriculado por primeira vez na titulación é galego, so o 1,42% é estranxeiro (IN08G) (1,14% o curso anterior), e o 2,84% procede doutras comunidades autónomas (IN09G) incrementándose en 0,57 puntos respecto ao curso anterior, valores dos que se exclúe o alumnado vinculado a programas de intercambio.

A relación de estudantes de novo ingreso sobre o total de prazas ofertadas (IN12G) é a máis alta desde a implantación da titulación de grao acadando un valor de 107,50%, o que representa 3,75 puntos máis que o anterior, e 11,25 máis respecto ao anterior a este último. Indicativo do maior interese por cursar esta titulación de grao neste centro.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Nota media de acceso por preinscrición (5-14) IN06G	6,48	6,50	6,72	7,35
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%) IN07G	61,29	57,89	69,51	82,35
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%) IN08G	1,10	0,39	1,14	1,42
Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia IN09G	1,47	2,36	2,27	2,84
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (%) IN10G	60,00	63,75	67,50	70,00
Taxa de ocupación (%) IN12G	77,50	96,25	103,75	107,50

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 25 de 53

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para dar cumprimento ao sinalado no Informe de Acreditación (2016) presentouse proposta de modificación da Memoria do Título, aprobada por Comisión Delegada de Xunta de Centro o 14 de novembro de 2017 e que recibiu informe favorable da ACSUG o 4 de abril de 2018, así as modificacións na MVT 2017 son desenvolto no curso 2018-2019.

En canto as titorías presenciais en grupos reducidos, contemplada na metodoloxía docente das distintas materias, incrementouse a carga de docencia expositiva, polo que as titorías presenciais en grupos reducidos pasan de 3 a 1 horas por grupo e a docencia expositiva das distintas materias incrementase en 2 horas.

En canto á materia "G3171326 Prácticas de Investigación en Traballo Social", polos seus obxectivos e contidos, a súa docencia establécese de "Tipo C" na MVT 2017. Así mesmo inclúese no Módulo A dentro das Materias Investigación, Diagnose e Avaluación, sendo o seu carácter obrigatorio. Dado que xa no seu día esta materia "Prácticas de Investigación en Traballo Social" xerou confusión respecto a se considerala ou non "prácticas externas", modificase a súa denominación que pasa a ser "G3171352 Obradoiro de Investigación Social".

En canto á denominación da materia optativa "G3171442 Servizos Sociais e Novas Tecnoloxías" valorouse que o concepto "novas tecnoloxías" debía ser substituído por outro acorde á evolución das coñecidas como TIC e ao contido desta materia, polo que a nova denominación é G3171446 Tecnoloxías da Información e a Comunicación en Traballo Social.

Vista a necesidade de reforzar o coñecemento de técnicas cualitativas polo incremento do seu uso na elaboración de traballos de fin de grao, solicitouse a alta como optativa da materia G3171347 A Investigación Cualitativa en Traballo Social. Por outra banda, tendo en conta a matrícula nas distintas optativas ofertadas no curso anterior, non foi ofertada G3171350 Traballo Social e Adicións (aprobado en Comisión de Título o día 24 de marzo de 2017).

En decembro de 2018, prodúcese a baixa a petición propia dun profesor do centro. A súa carga lectiva é asumida por outro profesorado. Unha asume a materia de Traballo Social con Maiores e outra comeza a impartir unha parte do Obradoiro de Investigación Social. Por outro lado, Ana é contratada unha profesora para dar a materia de Traballo Social e Saúde.

No Programa SICUE-SÉNECA: no curso 2018-19, 5 alumnas deste centro (todas de 3º curso) realizaron estudos noutras universidades españolas (todas cunha duración anual, menos unha). As universidades elixidas foron: 2 na Complutense de Madrid, unha na Universidade de Sevilla, unha na Universidade de Málaga e unha na Universidade de Valladolid.

Así mesmo, acoden a EUTS a cursar estudos 4 alumnas de doutras Universidades, 2 con duración anual e 2 cunha duración semestral, das cales 2 proveñen da Complutense de Madrid, unha da Universidade de Zaragoza e unha da Universidade de Huelva.

No Programa Erasmus: recibíuse unha alumna de Italia, e ningún/a alumno/a deste centro participou no programa.

Dentro dos *Acordos Bilaterais:* recibimos 4 persoas procedentes de México, Brasil e Chile. Por outra parte, 3 alumnas participou no programa en universidades de México e Chile.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total matriculados Grao en Traballo Social - IN17C	1,47	2,36	1,14	-

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 26 de 53

Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total matriculados Grao en Traballo Social IN18C	1,47	3,94	4,55	2,48
--	------	------	------	------

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Traballo Social impártese nun centro que as súas dimensións en canto a número de alumnado, (IN02G, 282), profesorado (14), e persoas de administración e servizos (6), permiten xerar unhas dinámicas na vida académica do mesmo que facilitan as relación de coordinación.

Téñense establecido procedementos que permiten a coordinación, ademais dos órganos colexiados, contémplanse as figuras de coordinadora de título, de practicum, de traballo de fin de grao, e os dos diferentes cursos, que permiten una colaboración estreita que se reflexa no informe anual da coordinadora de título (Comisión de Título 4/10/19).

No curso 2018-2019 celebráronse 19 reunións da Comisión de Título, espazo no que en grande medida se abordan distintos aspectos que afectan a cuestións académicas, e polo tanto tamén marco no que se favorece tamén a coordinación a este nivel.

Ao igual que en cursos anteriores elaborouse a *Guía Académica de centro 2018-2019* que se entrega en soporte papel ao alumnado no momento da matrícula, e tamén de acceso libre na web propia, contribúe á coordinación docente. O seu contido aporta información sobre a estrutura do centro, normativa académica propia, organización do curso.

Para cada curso académico e para facilitar o desenvolvemento da actividade docente a Dirección do centro nomea coordinadores de curso, de practicum, de traballo de fin de grao, dos distintos programas no centro (A Ponte, SICUE, Erasmus e Acordos Bilaterais..) así como das materias con docencia compartida (dúas materias excluídos practicum e TFG).

No informe da Coordinadora del Practicum, do (CT 4/10/20), deuse conta do que o alumnado que realizou as prácticas no curso 2018-2019 foron 45, dos cales 3 deles desenvolvéronas no primeiro cuadrimestre e os outros 42 no segundo.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 27 de 53

No curso académico 2018-2019 asináronse un total de 12 convenios.

	Nº
Provincia de A Coruña	3
Provincia de Lugo	3
Provincia de Ourense	--
Provincia de Pontevedra	--
Autonómicos	4
Adhesión convenio FEGAMP	2
TOTAL	12

O alumnado avaliou ás titoras académicas a través dunha enquisa propia da EUTS sendo a valoración global media de 9.53 (a valoración realizouse sobre unha puntuación de 10), o resultado da avaliación nos distintos aspectos, deron de media os seguintes resultados:

	2º cuadrimestre
Actitude hacia o alumno/a	9.5
Orientación teórica	9.6
Satisfacción coa titora académica	9.5

Foron 160 os centros ofertados por provincias o que se corresponde cunha media de 3.8 centros ofertados por alumno/a que vai realizar as prácticas. A seguinte táboa mostra a distribución dos centros.

Provincia	Nº de centros
A Coruña	96
Lugo	17
Ourense	7
Pontevedra	40
TOTAL	160

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 28 de 53

Os/as 42 alumnos/as aos que se lles asigna centro no 2º cuadrimestre, se distribúen por provincias como se mostra a continuación.

Provincia	Nº de alumnos/as
A Coruña	32
Lugo	2
Ourense	1
Pontevedra	7
TOTAL	42

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

No curso académico obxecto de análise a taxa de graduación é de 97,63, medio punto por debaixo do valor acadado o ano anterior. Nos tres últimos anos sempre se obtiveron valores superiores a 95%.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresa e institucións IN22G	93,75	96,15	98,04	97,63

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 29 de 53

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No ano académico 2017-2018 presentárase proposta de modificación da MVT que recibiu informe favorable da ACSUG o 4 de abril de 2018, e con efectos para o curso 2018-2019., polo que se aplicou a normativa e instrucións da USC, e propia da EUTS de cara ao desenvolvemento da docencia, respectando o sinalado nas mesmas.

En relación aos convenios para a realización do Practicum asináronse 19, convenios de prácticas, dentro do novo modelo establecido pola USC.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Levou a cabo a comprobación da información pública relativa ao centro e titulacións impartidas no mesmo, tanto na web propia como no espazo correspondente dentro da web da USC.

Na web propia (www.euts.es) atopase toda a información mínima que ten que facerse pública, máis na web da USC (<https://www.usc.es/gl/centros/tsocial/titulacions.html?plan=14096&estudio=14097&codEstudio=13649&valor=9>) hai información que non está actualizada como por exemplo no apartado de "Outra información" cando se fai referencia ás prácticas externas obrigatorias, a información ofrecida fai referencia á situación anterior á modificación da Memoria de Verificación do Título de Grao cando, seguindo á recomendación da Comisión de Acreditación do Título se modificaron os créditos asignados a prácticas externas, pasando de 28 créditos a 22 créditos (Practicum) e modificando a natureza da materia Prácticas de Investigación Social que desaparece do plano de estudos como prácticas externas ao substituíla pola materia obrigatoria Obradoiro de Investigación Social. O centro non ten capacidade para realizar modificacións de modo directo na web de centro dentro da USC e ten que ser autorizado polo servizo que corresponda para que, a súa vez, os servizos informáticos da USC procedan a realizar as actualizacións que correspondan, o que burocratiza e ralentiza o proceso de actualización. Con data 11 de abril de 2019 enviáronse á USC aportacións para a actualización da información na páxina web. O cambio de deseño da páxina web institucional neste período puido influír para que algunha das modificacións solicitadas estean todavía sen realizar.

O centro ten establecido publicitar a información académica e administrativa tanto nos taboleiros físicos como na web propia. No apartado novas vaise anunciando as novidades que se inclúen na web, maioritariamente con enlace directo ao apartado no que se desenvolve a información. Nos distintos apartados da web propia figura aquela información cuxo contido é de acceso libre, e no apartado *Taboleiro virtual*, que é de acceso restrinxido ás persoas que conforman a

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 30 de 53

comunidade docente cada curso académico, figura aquela información que contén datos de carácter persoal ou académico.

Como medida de reforzo na comunicación de cuestións importantes que atinxen directamente a cada un dos grupos de interese, envíanse correos electrónicos persoais a cada un dos membros de cada grupo de interese, cando se entende que é aconsellable pola relevancia da información que se quere transmitir.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Traballo Social impártese nun centro que as súas dimensións en canto a número de alumnado, (IN02G, 282), profesorado (14), e persoas de administración e servizos (6), permiten xerar unhas dinámicas na vida académica do mesmo que facilitan as relación de coordinación.

Máis téñense establecido procedementos que permiten a coordinación, ademais dos órganos colexiados, contéplanse as figuras de coordinadora de título, de practicum, de traballo de fin de grao, e os dos diferentes cursos, que permiten unha a colaboración estreita que se reflexa no Informe anual da coordinadora de título (Comisión de Título 4/10/2019).

No curso 2018-2019 celebráronse 11 reunións da Comisión de Título, espazo no que en grande medida se abordan distintos aspectos que afectan a cuestións académicas, e polo tanto tamén marco no que se favorece tamén a coordinación a este nivel.

O centro presta especial atención aos resultados de avaliación, mostra de isto foi a posta en marcha dunha acción de mellora da que derivaron protocolos para difundir os períodos de enquisas, de cara a incrementar a participación e obter así uns valores representativos. No Informe de coordinación de título do curso a analizar, e do que se dou conta na Comisión de Título de 4 de outubro de 2019, sinalábase as vías polas que se incentivou a participación do alumnado na avaliación da docencia recibida a través das enquisas de satisfacción da USC.

No Informe de Coordinación 208-2019 (CT4/10/2019) sinalábase que a EUTS cursaron estudos 4 alumnas de doutras Universidades, 2 con duración anual e 2 cunha duración semestral, das cales 2 proveñen da Complutense de

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 31 de 53

Madrid, unha da Universidade de Zaragoza e unha da Universidade de Huelva.

O *Programa Erasmus*: recibiu unha alumna de Italia, e dentro dos *Acordos Bilaterais*: recibíronse 4 persoas procedentes de México, Brasil e Chile.

Ao igual que no curso anterior non se dispón de datos para o Indicador IN16C, referido á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No Informe Final de Renovación da Acreditación sinalábanse debilidades no desenvolvemento do SGIC.

O IRA fixo necesario a modificación da MVT2010, proceso que se levou a cabo durante o curso 2017-2018, obténdose Informe final favorable da ACSUG o 4 de abril de 2018, polo que as modificacións tiveron efecto a partires do curso 2018-2019, no propio Informe de coordinación de este curso (CT 4/10/2019) sinalase que, na reunión de coordinadores de curso sobre os programas do curso 18-19, en estes obxectivos das materias, os contidos, as competencias, a metodoloxía de ensinanza e sistema de avaliación están conformes ao establecido na Memoria do Plan de Estudos vixente (MVT, 2017).

Ao longo do curso 2018-2019 desenvolveuse parte do Plan estratéxico da EUTS (Xunta de Centro 19/12/2017) , que abarca o período 2018-2020.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No Informe de seguimento do curso anterior (2017-2018) plantexáronse unha serie de accións de mellora vinculadas aos criterios 3,5,e 7, a desenvolver en 2019.

Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade:

Pendente a revisión do SGIC para adecualo ás necesidades da EUTS fortalecendo o papel da Comisión de Calidade do Centro. Esta acción continua á AM-4 do curso anterior sobre a particularización do Manual Simplificado de Garantía Interna de Calidade do Centro para a súa adecuación á nova versión do SGIC marco da USC, considerouse non executada, polo que se volve a incorporar como acción de mellora para o ano 2020

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 32 de 53

(Comisión de Título do 16 de decembro de 2019).

Criterio 5 - Recursos materiais:

Plantexárase a mellora no que atinxe ao mobiliario mercar mesas e cadeiras (aula 3 e sala de lectura) en función de prioridades e partida orzamentaria, desta compra deuse conta na Comisión de Título de 23 de xullo de 2019.

Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento:

Debido á baixa a taxa de participación nas enquisas de satisfacción dos grupos de interese, se revisaron os protocolos dirixidos a fomentar a cultura da calidade e a participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción para incrementar a participación, considerouse realizada a data 30/07/2019.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Escola Universitaria de Traballo Social comeza o curso 2018-2019 con un total de 14 profesores/as, sete con adicación completa (50,0%) e 7 con adicación parcial (50,0%). O número de doutores/as é de 7 (50,0 % do total), 3 con adicación completa e 4 con adicación parcial.

En decembro de 2018 prodúcese a baixa dun profesor, sendo asumidas dúas das materias por docentes do cadro EUTS (ampliación de contrato) e contratándose a unha persoa para a docencia dunha terceira materia impartida pola persoa que causou baixa.

O perfil académico do profesorado considérase idóneo para a titulación, cunha ampla traxectoria de experiencia docente na titulación para o conxunto e unha porcentaxe do 50% que posúen unha dobre titulación, é dicir, son titulados/as en Traballo Social con outra titulación engadida (Socioloxía, Ciencias Políticas e Filosofía). Respecto a 1º curso, o 66,6% son doutores e o 33,3% posúen outra titulación engadida á de Traballo Social. En canto ás prácticas externas, todo o profesorado que titoriza posúe dobre titulación, sendo requisito deste centro que unha delas sexa a titulación de Traballo Social. En referencia ao Traballo de Fin de

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 33 de 53

Grao, tendo en conta que neste centro a maioría do alumnado ven vinculando o traballo ao campo de prácticas, tamén a maioría dos/as titores/as son titulados en Traballo Social (só hai un caso que non posúe a titulación).

A ratio de estudantes por profesor a tempo completo para o 2018-19 é de 40,2 alumnos/as, lixeiramente superior á do curso anterior debido ó incremento da matrícula (89 alumnos/as de matrícula de acceso). Tamén se vén incrementada a nota media de acceso por preinscrición , que pasou dun 6,72 no curso anterior ao 7,35 no 2018-19. A media de alumnos/as por grupos de teoría, sufriu tamén un lixeiro incremento, acadando no 2018-19 un valor de 57,70 fronte ao 54,19 do curso anterior.

Respecto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida, o dato segue a mellorar, incrementándose un ano máis ata acadar unha media de 4,64 (4,43 para o 2017-18).

Respecto ás enquisas de satisfacción coa docencia recibida, a taxa de participación mellorou sensiblemente, acadando o 34,64% (27,01% no curso 2017-18), moi similar á obtida para o conxunto das titulacións de grao (34,88%). Baixa de 4,19 a 4,15 a satisfacción media do alumnado, situándose os valores do Grao en Traballo Social por encima dos acadados para a rama de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas (3,89) e para o conxunto dos graos USC (3,96).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non se produciron variacións nin no número nin na categoría do persoal de apoio polo que os datos son coincidentes cos recollidos na MVT: 6 persoas coas seguintes categorías: unha persoa con categoría de persoal administrativo de nivel directivo, tres con categoría de xefe de sección (dúas asignadas a administración e unha a biblioteca), unha con categoría de axudante de biblioteca e unha con categoría de persoal de servizo de limpeza.

O Índice de satisfacción do PAS baixa con respecto a 2017-18, acadando unha media de 3,18.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 34 de 53

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Un obxectivo prioritario da EUTS e a mellora e renovación do equipamento informático. Neste curso adquiríronse tres ordenadores portátiles para aula e un equipo de sobremesa. Substituíronse tamén en dúas aulas as cadeiras de pa por mesas dobres e cadeiras máis ergonómicas, adquirindo un total de 37 mesas e 105 cadeiras.

A biblioteca da EUTS dispón de 32 postos de traballo na sala de consulta e dous equipos informáticos para acceder á consulta de fondos. Estes, a 31 de decembro de 2019, acadan unha cifra de 13.534 volumes, incrementándose en 36 con respecto ao ano anterior. Mensualmente o persoal de biblioteca envía información ao profesorado vía correo electrónico, informando sobre as novidades editoriais incorporadas. Esta mesma información achégase ao alumnado a través da páxina web do centro.

Respecto aos egresados/as, mellora a taxa de éxito, aínda que baixa lixeiramente a satisfacción coa información pública e cos servizos.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 35 de 53

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A **taxa de rendemento** aporta información sobre a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. O valor desta taxa no curso 2018-19 (86,74%) é máis alto, case 0,5 puntos, que o obtido no curso académico anterior.

A taxa de rendemento na EUTS no curso académico obxecto desta análise, é moi superior á media da USC (79,49) e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (79,14), cunha diferenza de 7,25 por enriba da USC e 7,6 puntos por enriba da Área de referencia.

Taxa de rendemento IN34G	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
EUTS	85,53	87,13	86,33	86,74

Respecto a taxa de rendemento nos catro cursos do Grao de Traballo Social, nos cursos académicos 2015-16 e 2016-17, aumenta progresivamente a medida que o alumnado vai subindo de curso. No curso 2017-18, a taxa de rendemento aumenta ao pasar de 1º a 2º curso e de 3º a 4º curso, e no curso 2018-19, a taxa de rendemento aumenta progresivamente ao pasar de 2º aos cursos superiores.

Pódese dicir, que en todos os cursos académicos analizados, a taxa de rendemento do alumnado alcanza o valor máis elevado no 4º curso de grao.

Taxa de rendemento (IN34G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	69,76	79,69	76,41	85,73
2º curso	86,00	85,87	90,68	83,95
3º curso	88,80	90,66	90,08	87,90
4º curso	95,99	98,19	94,27	91,19
Sen asignación a curso	78,85	69,05	56,25	93,02
Total (%)	85,53	87,13	86,33	86,74

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 36 de 53

A **taxa de éxito** mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron. No curso obxecto de análise, o valor resultante aumentou case un punto respecto ao curso anterior, sendo o seu valor do 91,14%.

A taxa de éxito na EUTS no curso académico 2018-19, é moi superior á media da USC e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (87,78 e 87,86 respectivamente).

Taxa de éxito IN35G	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
EUTS	89,98	91,79	90,49	91,14

A taxa de éxito, nos catro cursos académicos analizados, adquire os valores máis elevados no cuarto curso do grao. Respecto ao curso académico obxecto desta análise (2018-19), diminúe de 1º a 2º curso, pero a partir do 2º curso aumenta progresivamente ata 4º curso, acadando neste ano o valor máis elevado.

Taxa de éxito (IN35G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	78,83	86,54	82,73	91,04
2º curso	88,45	89,66	92,73	87,46
3º curso	91,55	94,85	91,87	91,43
4º curso	98,30	99,56	98,69	96,12
Sen asignación a curso	100,00	82,86	100,00	100,00
Total (%)	89,98	91,79	90,49	91,14

Enténdese por **taxa de avaliación**, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios nos que están matriculados. Esta taxa diminuíu 0,2 puntos no curso 2018-19 respecto ao anterior curso académico, non obstante, ten un valor superior aos cursos 2015-16 e 2016-17.

A taxa de avaliación na EUTS no curso 2018-19 (95,17%) é moi superior á media da USC (90,55%), e á media da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (90,07%), cunha diferenza en ambos casos de 5 puntos.

Taxa de avaliación IN36G	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019
EUTS	95,05	94,93	95,40	95,17

A taxa de avaliación nos cursos académicos 2015-16 e 2016-17, adquire o valor máis elevado en 4º curso de grao, sen embargo, no curso 2017-18 e no 2018-19, o valor máis alto é en 3º curso, seguido do 2º curso.

Taxa de avaliación (IN36G)	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
1º curso	88,50	92,09	92,36	94,17
2º curso	97,23	95,78	97,79	95,99
3º curso	97,00	95,57	98,05	96,13
4º curso	97,65	98,63	95,52	94,86
Sen asignación a curso	78,85	83,33	56,25	93,02
Total (%)	95,05	94,93	95,40	95,17

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 37 de 53

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao igual que viña acontecendo nos tres cursos anteriores, o número de prazas ofertadas foi de 80. Respecto á demanda no curso 2018/2019, a taxa de ocupación das prazas ofertadas foi de 107,50%, lixeiramente superior ao do curso anterior (103,75 %). Dato que volve a ser positivo, posto que supón un novo incremento, que se ven producindo desde o curso 2014-15 (72,22%; 77,50%; 96,25%, 103,75%).

Estes datos, unha vez mais, volven a poñer de manifesto que se consolida a recuperación de alumnado, cubrindo toda a oferta de prazas para esta titulación.

A enquisa propia que un ano mais realizou o centro dirixida a coñecer o perfil do alumnado de novo ingreso, foi cumprimentada por 77 alumnos/as, 10 mais que no curso anterior, das cales 49 solicitaron o ingreso nesta titulación e neste Centro como primeira opción. Os principais canles de coñecemento dos estudos foi Internet (por iniciativa propia), o 37,6, seguido de amizades, 20,5. En terceiro lugar, sitúanse os/as orientadores/as de institutos cun 13,6, desprazando a familiares que o ocupaba o curso anterior. Este ascenso, puxo de manifesto que se foi notando a campaña de difusión propia do noso Centro, na que se contacta directamente con todos os/as orientadores/as dos centros públicos e privados. A maioría (68) manifestaron non ter dificultades para obter información sobre o centro.

Estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas

Para esta análise utilizouse o indicador IN10G, remitido pola ACEMP da USC.

Estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre prazas ofertadas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	52,22	60,00	63,75	67,50	70,00

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 38 de 53

No 2018-2019, a porcentaxe do alumnado preinscrito en 1ª opción matriculado por 1ª vez sobre as prazas ofertadas, acada o valor mais alto dos últimos cinco cursos. Valor que foi incrementándose de curso a curso, desde un 52,22% do curso 2014-2015, ata o 70,0% do curso obxecto de análise deste informe.

Os datos da CIUG, mostran que se presentaron 5 solicitudes mais de acceso que no ano anterior, concretamente no curso 2017-2018, foron 320, das que, 317 foron de cota xeral, 1 titulado universitario, 1 maior de 25 anos e 1 persoa con discapacidade. No curso pasado foron admitidos 112 de cota xeral e unha persoa con discapacidade.

Preferencias en canto a solicitude e matrícula nesta titulación

OPCIÓN	% SOLICITUDE	% MATRICULA
Primeira	24,1	65,4
Segunda	21,6	21,0
Terceira	12,8	8,6
Cuarta	19,7	2,5
Quinta ou máis	15,3	2,5

Coincidindo ca cifra do ano anterior, o 65,4% do alumnado que se matriculou en primeiro curso solicitou este grao en primeira opción, e o 21,0% o fixo en segunda opción. Datos que no curso 2017-18, seguen a reafirmar que mais da metade do alumnado elixe cursar esta titulación e neste centro, e que xunto co alumnado que fai esta elección en segunda opción, supoñen o 84,4% do total matriculado.

Os **resultados** do programa formativo analízanse a través dos indicadores seguintes:

Taxa de graduación

Para a análise da taxa de graduación utilizouse o indicador IN37G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de graduación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	75,27	69,66	78,31	76,09	80,65

A taxa de graduación no curso 2018-2019, acadou o valor mais elevado dos últimos catro anos, incrementándose un 4,46 puntos respecto ao curso anterior.

Taxa de duración media dos estudos

Para a análise da taxa duración media dos estudos utilizouse o indicador IN38G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de duración media dos estudos	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,14	4,15	4,34	4,17	4,35

A taxa de duración media dos estudos, no curso 2018-2019, incrementouse respecto ao curso anterior, e acada un valor similar ao do curso 2016-2017 (4,35 e 4,34 respectivamente).

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 39 de 53

Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)

Para a análise da taxa de eficiencia utilizouse o indicador IN53G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de eficiencia dos titulados	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	96,37	94,05	94,27	93,85

A taxa de eficiencia das persoas tituladas acada valores similares nos últimos 4 cursos académicos analizados, superiores en todos os casos ao 90%.

Taxa de abandono durante o primeiro curso

Para a análise da taxa de abandono durante o primeiro curso utilizouse o indicador IN40G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de abandono durante o primeiro curso	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	11,24	12,05	17,39	4,84	17,02	27,54

A taxa de abandono durante o primeiro curso, no 2018-2019, acada o valor mais alto desde o curso 2013-14, un 27,54%, superando en 10 puntos ao do curso anterior.

Taxa de abandono RD 1393/2007

Para a análise da taxa abandono RD 1393/2007 utilizouse o indicador IN41G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de abandono RD 1393/2007	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	15,05	23,60	16,87	21,74	9,68

A taxa de abandono RD 1393/2007, ao contrario do que acontece coa taxa de abandono anterior, acada, no 2018-2019, o valor mais baixo desde o curso 2014-15, cun descenso de 12,06 puntos respecto ao curso anterior.

Taxa de éxito dos egresados

Para a análise da taxa éxito dos egresados utilizouse o indicador IN50G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de éxito dos egresados	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	96,90	94,70	94,27	93,85

A taxa de éxito das persoas egresadas, mantense no 2018-2019, cun valor case similar ao do curso anterior (93,85% e

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 40 de 53

94,27% respectivamente), só cun descenso de 0,42 puntos.

Taxa de idoneidade na graduación

Para a análise da taxa idoneidade na graduación utilizouse o indicador IN51G, remitido pola ACEMP da USC.

Taxa de idoneidade na graduación	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	60,67	67,47	69,57	67,74

A taxa de idoneidade na graduación, presenta no curso 2018-2019, un valor case idéntico ao do curso 2016-2017 (67,74% e 67,47 respectivamente), e só inferior en 1,83 % que o curso anterior

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As valoracións que se expoñen nas táboas seguintes, reflíctense en puntuacións realizadas de 1 como mínimo a 5 como máximo.

Valóranse os mecanismos utilizados para a análise de adquisición do aprendizaxe a través dos seguintes indicadores de satisfacción:

Satisfacción dos estudantes saíntes dos programas de mobilidade

A análise dos estudantes saíntes dos programas de mobilidade faise en base a o indicador IN15G, remitido pola ACEMP da USC

Respecto á valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes con relación aos programas de mobilidade, no curso 2018-2019, acada un valor de 3,87, que supón un descenso de 0,27 respecto ao curso 2016-2017. Só se dispón de datos de estes dous cursos desde o 2014-2015.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total Centro	-	-	4,14	-	3,87

Sinalar que non se dispón do dato da porcentaxe de estudantes enviados desta titulación no curso 2018-2019, respecto ao total de enviados pola USC.

Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas

A análise da satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas faise en base a o indicador IN19G, remitido pola ACEMP da USC.

 Escola Universitaria de Traballo Social	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019			Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020	
	FORMATO			Páxina 41 de 53	

Media de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,52	4,11	4,70	4,46	4,16

anteriores. Acada o valor de 4,16, o que supón 0,3 puntos menos que o ano anterior.

Taxa de resposta estudantes coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	11,59	13,51	23,40	32,20	-

No curso 2018-2019, non se dispón do dato da taxa de resposta da enquisa de satisfacción do alumnado coas prácticas externas, que se viña incrementando desde os catro cursos anteriores. Dato que se relacionou cos efectos da implantación no centro, de protocolos para incrementar a satisfacción dos diferentes grupos de interese, nas enquisas de satisfacción.

Por outra parte, aínda que a media de satisfacción do alumnado descendeu lixeiramente no curso 2018-2019, segue a ser superior á media de satisfacción do alumnado coas prácticas externas da USC (4,16 e 4,03 respectivamente).

Satisfacción alumnado con prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	4,52	4,11	4,70	4,46	4,16
Media USC	4,01	4,08	4,34	4,25	4,03

Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas

A análise da satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas faise en base ao documento IN20G, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	3,84	4,16	4,64	4,30	4,21

No curso 2018-2019, a media de satisfacción dos titores/as profesionais externos/as coas prácticas externas, segue a ser superior a 4 sobre 5, ao igual que nos dous cursos anteriores, pero prodúcese un lixeiro descenso de 0,09 puntos respecto ao ano anterior, acadando un valor de 4,21.

Taxa de resposta dos titores externos coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	27,47	37,76	18,97	47,22	-

No curso 2018-2019, non se dispón do dato da taxa de resposta da enquisa de satisfacción dos titores/as profesionais externos/as coas prácticas externa.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 42 de 53

A media de satisfacción dos traballadores/as sociais titores/as externos/as que titorizan prácticas, no curso 2018-2019, volve a ser superior á media da USC (4,21 e 4,13 respectivamente), ao igual que nos catro cursos académicos anteriores.

Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	3,84	4,16	4,64	4,30	4,21
Media USC	4.11	4.11	4.12	4.22	4,13

Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas

A análise da satisfacción dos/as titores/as académico/as cos programas de prácticas externas faise en base ao documento IN21G, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,77	4,80	4,91	4,91	4,88

A media de satisfacción do curso 2018-2019, do profesorado titor académico de prácticas externas, é de 4,88, dato moi similar aos dous cursos anteriores. Segue a valorarse moi positivamente acadar de novo unha cifra elevada, a só 0,12 do valor máximo.

Taxa de resposta do profesorado titor coas prácticas externas	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	66,67	100,00	100,00	100,00	-

No curso 2018-2019, non se dispón do dato da taxa de resposta do profesorado titor.

A satisfacción do profesorado titor académico do centro, no curso 2018-2019, ao igual que nos catro cursos anteriores, segue a ser superior á media da USC (4,88 e 4,40 respectivamente).

Satisfacción do profesorado titor académico	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	4,77	4,80	4,91	4,91	4,88
Media USC	4.23	4.18	4.29	4.34	4,40

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

A análise da satisfacción do alumnado coa docencia recibida realizase en base ao documento IN46G, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción do	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
--------------------------	---------	---------	---------	---------	---------

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 43 de 53

alumnado coa docencia recibida					
EUTS	4,03	4,22	4,20	4,19	4,15

A media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no curso 2018-2019, 4,15, segue a considerarse elevada e por riba de 4 sobre 5, ao igual que nos 4 cursos académicos anteriores.

Taxa de resposta do alumnado coa docencia recibida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	18,54	36,06	37,05	27,01	34,64

En canto á participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida increméntase, no curso analizado, en 7,63 puntos respecto ao curso 2017-2018, acadando un valor de 34,64.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Media EUTS	4,03	4,22	4,20	4,19	4,15
Media USC- Graos	3,81	3,87	3,85	3,88	3,96

Segue a manterse no curso 2018-2019 a media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida por riba da media da USC (4,15 e 3,96 respectivamente), como aconteceu nos catro cursos académicos anteriores. Sitúase tamén por riba da media de satisfacción da rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,89)

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

A análise da satisfacción do profesorado coa docencia impartida utilizouse o documento IN47G, remitido pola ACEPM da USC.

Media de satisfacción do profesorado coa docencia impartida	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	4,38	4,40	4,48	4,43	4,64

A de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, no curso 2018-2019, acada o valor mais alto desde o curso 2014-15, cunha media de 4,64.

Taxa de participación do profesorado na enquisa sobre satisfacción coa docencia	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	44,44	68,75	73,33	92,86	-

Non se dispón do dato da taxa de participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 44 de 53

Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación

A análise da satisfacción xeral dos e das egresadas coa titulación e o centro elaborouse en base ao documento IN42G, remitido pola ACEMP da USC.

Media de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	3,12	3,43	3,37	3,93	3,38

A media de satisfacción dos e das egresados coa titulación descende lixeiramente desde o curso anterior, de 3,93 a 3,38, pero queda a 1 punto por riba da do curso 2016-2017.

Taxa de participación dos egresados na enquisa de satisfacción	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
EUTS	8,33	8,97	12,90	30,77	-

No curso 2018-2019, non se dispón do dato da taxa de participación das persoas egresadas na enquisa de satisfacción.

Satisfacción coa formación recibida na titulación	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Media EUTS Formación teórica	3,75	3,29	3,90	4,56
Media USC Formación teórica	3,53	3,56	3,56	3,61
Media EUTS Formación práctica	3,38	2,86	3,10	3,87
Media USC Formación práctica	2,46	2,67	3,64	2,74

A satisfacción coa formación recibida na titulación, por parte das persoas egresadas, valórase en dúas vertientes, a formación teórica e a formación práctica. Os resultados do curso 2017-2018, amosan uns valores superiores das medias do centro respecto ás medias da USC: 0,95 maior na formación teórica, e 1,13 na práctica, e ademais supoñen os valores mais altos dos últimos catro anos.

En relación á valoración do grao en que a titulación contribuíu á adquisición de capacidades, en todos os ítems valorados, os valores son superiores aos da USC, sendo o mais alto a "capacidade de traballo en equipo". A media do centro de todos os ítems é de 4,09, e a da USC é de 3,43.

A media de satisfacción dos egresados coas prácticas externas segue a manterse, como nos dous cursos anteriores por riba de 4, e ademais superior á media da USC (4,29 2 3,90 respectivamente).

En canto á satisfacción cos programas de mobilidade, contrasta o valor de 5 para o centro, por riba da media da USC de 4,14, sobre todo, tendo en conta que no pasado ano ninguén realizou a enquisa, e nos anteriores, acádanse valores dispares, (4 no curso 15/16 e 1 no 14/15).

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 45 de 53

A continuación expóñense outros aspectos valorados na enquisa realizada polos egresados/as, nos que a media do centro é superior á media da USC:

	Curso 2017-18	
	Media EUTS	Media USC
A formación recibida cumpriu as expectativas creadas antes de empezala	4,19	3,20
Satisfacción global co profesorado da titulación	4,56	3,12
Adecuación dos horarios, calendario académico e de exames	4,13	2,79
Información e apoio recibido nas actividades de acollida e presentación	4,44	3,00
Infraestruturas e materiais dispoñibles	3,33	2,89

Por último, neste apartado abórdanse, as valoracións relativas aos recursos e servizos. Os resultados do curso 2017-2018, repiten a tendencia dos anos anteriores, e nos tres, recursos tecnolóxicos, biblioteca e cafetería, son inferiores ás medias da USC (2,68 media global do centro, e 3,68 media global da USC).

A media de satisfacción do curso analizado, continua a ser superior a 4 sobre 5, ao igual que nos catro cursos

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao igual que no Informe do curso anterior (2017-18), non se aportaron datos desde a ACEMP para a análise da inserción laboral das persoas egresadas, polo que, se fai cos datos obtidos polo propio centro, que ven realizando desde o ano 2015, unha sondaxe anónima dirixida ao exalumnado egresado, nos dous ultimo curso anteriores.

A última sondaxe foi realizada nos meses de xuño e xullo do 2019, e dirixiuse ás persoas egresadas nos anos académicos 2016-17 e 2017-18, polo tanto dos e un ano despois de rematar cada promoción respectivamente.

Sondaxe sobre inserción laboral realizada polo centro en xuño-xullo de 2019

	Alumnado egresado	Alumnado co que se fai o contacto	Alumnado que resposta	% de resposta sobre o curso	% de resposta sobre o alumnado co que se fai o contacto
2016-17	52	48	48	92,3	53,3
2017-18	52	42	42	80,8	46,7
TOTAL	104	90	90		100,0

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 46 de 53

Nos dous últimos cursos, 2016-2017 e 2017-2018, egresaron o mesmo número de alumnado, 52 persoas nas dúas promocións. Das 104 persoas egresadas no dous últimos anos, contactouse por teléfono con 14 menos, polos motivos que adoitan ser habituais, que son fundamentalmente cambio de número de teléfono ou polo mor de que no momento de graduarse non autorizaron ao contacto posterior, para estudar a inserción laboral. É de destacar que contestou todo o alumnado co se contactou.

En canto ás porcentaxes de resposta, respecto ao alumnado co que se fai o contacto, acada un valor alto o do curso 2016-17, 92,3, porcentaxe superior ao do curso seguinte, 80,8.

Situación laboral alumnado egresado nos cursos 2016-2017 e 2017-2018

	2016-17 %	2017-18 %
Traballan ou traballaron	87,5	69,0
Non traballou nunca	12,5	31,0
	BASE (48)	BASE (42)

É de esperar que a porcentaxe mais alta de persoas egresadas que traballaban no momento da enquisa ou con anterioridade, fose o correspondente ao alumnado que rematara facía dous anos, por riba das tres cuartas partes, (87,5%) Por outra parte, casi o 70% das persoas egresadas que remataran facía un ano, traballaban no momento da enquisa ou con anterioridade.

Ocupación alumnado egresado nos cursos 2016-2017 e 2017-2018

	2016-17 %	2017-18 %
Traballa ou traballou como Traballador/a Social ou relacionado	64,3	34,5
Traballa ou traballou sen relación co Traballo Social	35,7	65,5
	BASE (42)	BASE (29)

A ocupación do alumnado en relación á súa vinculación co Traballo Social, obtén cifras que se invirten en ambas promocións, sendo case o dobre (64,3%), a porcentaxe das persoas que traballaban ou tiñan traballado en postos relacionados con Traballo Social egresadas no ano 2017, cifras que se invirten na promoción que rematara no 2018.

Tipo de xornada dos/as egresados/as ocupados/as como Traballadores/as Sociais

	2016-17 %	2017-18 %
Xornada completa	74,1	40,0
Media xornada	7,4	30,0
Por horas	18,5	30,0
	BASE (27)	BASE (10)

Destaca a porcentaxe das persoas egresadas no ano 2017, posto que, case acada as tres cuartas partes (74,1%), sendo o mais baixo, o de media xornada correspondente a este ano. Na promoción que rematara facía un ano, no momento da enquisa, as porcentaxes son similares, sendo superior só en 10 puntos a correspondente a xornada completa (40,0%)

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 47 de 53

Tipo de contrato das persoas egresadas ocupadas como Traballadores/as Sociais

	2016-17 %	2017-18 %
Indefinido	18,5	10,0
Temporal	66,7	70,0
En prácticas	11,1	10,0
Bolsa	3,7	10,0
	BASE (27)	BASE (10)

Repítese a tendencia dos últimos anos, en canto ao tipo de contrato como traballador/a social, de xeito que nos dous cursos académicos analizados, o contrato temporal representa as porcentaxes mais altas: 66,7% e 70,0%.

Por outra parte, a diferenza respecto da situación que abordou a enquisa no ano anterior, onde ningunha persoa era perceptora de bolsa polo desempeño de función de traballador/a social, si se obteñen resultados na enquisa do 2019, cunhas porcentaxes de 3,7% e 10,0%.

Tipo de empresa na que traballaban no momento da enquisa o anteriormente como Traballadores/as sociais

	2016-17 %	2017-18 %
En empresa pública	25,9	21,6
En empresa privada	74,1	78,4
	BASE (27)	BASE (10)

Un ano mais, repítese os resultados relativos ao tipo de empresa, onde maioritariamente desempeñaban a súa labor, no momento da enquisa, ou previamente, as persoas egresadas nos dous cursos académicos analizados, sendo novamente as empresas privadas, que acadan, uns valores en torno ás tres cuartas partes (74,1% e 78,4%).

Lugar de traballo dos que traballaban no momento da enquisa ou anteriormente como Traballadores/as sociais

	2016-17 %	2017-18 %
En Galicia	88,9	100,0
Fora de Galicia	11,1	-
	BASE (27)	BASE (10)

Todas as persoas que egresaron no ano 2018 que traballaban no momento da enquisa ou anteriormente, o facían en Galicia, o que case acontece tamén coas persoas que egresaron no ano anterior.

Egresados/as que continuaron a súa formación

Estes datos fan referencia ás persoas que optaron por seguir formándose unha vez graduadas en Traballo Social, e segue a incluírse por mor de considerar esta información de interese, en canto que complementan os datos sobre inserción laboral, posto que mostran as persoas que optaron por continuar a súa formación, e que polo tanto puideron pospoñer a busca de emprego, e noutros casos compaxinalo con contratos a media xornada ou por horas.

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 48 de 53

	2016-17 %	2017-18 %
Grao	-	3,6
Máster	72,4	35,7
Ciclo	-	3,6
Cursos	6,9	14,3
Oposita	20,7	42,8
	BASE (29) (60,4 respecto ao alumnado que respostou)	BASE (28) (66,7 respecto ao alumnado que respostou)

En ambas promocións analizadas, mais da metade do alumnado que respostou decidiu continuar formándose (60,4% e 66,7%).

Na enquisa do 2019, aparecen novas categorías representadas, con porcentaxes significativas, como son as correspondentes, en ambos anos, ás persoas que deciden preparar unha oposición (20,7% e 42,8%).

Por outra parte, destacan as porcentaxes correspondentes ao máster, sendo a do ano 2017 (72,4%) o dobre que a do 2018 (35,7%).

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 49 de 53

3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Implementación das modificacións introducidas na Memoria de Verificación MVT2017 – Informe favorable da ACSUG o 4 de abril de 2018	Descrición das implantacións: A. Titorías Presenciais en Grupos Reducidos (TGR): impártense as TGR presenciais contempladas na metodoloxía docente de cada unha das materias, cunha duración de 1h. cada unha B. Ampliación en dúas horas da docencia expositiva de todas as materias do Grao. C. Na materia <i>G3171326 Prácticas de Investigación Social</i> se modifica a natureza da mesma, pasando de ser prácticas externas, tipo C de 6 créditos, a ser unha materia obrigatoria tipo B, de 6 créditos e coa denominación <i>G3171352 Obradoiro de Investigación Social</i> , incluída no Módulo A dentro das Materias Investigación, Diagnose e Avaliación D. Impártese por primeira vez a materia <i>G3171446 Tecnoloxías da Información e a Comunicación en Traballo Social</i> que é a nova denominación da materia <i>G3171442 Servizos Sociais e Novas Tecnoloxías</i> tal e como establece a MVT 2017
Modificación na oferta de optatividade	Actívase como optativa a materia <i>G3171347 A Investigación Cualitativa en Traballo Social</i> . Por outra banda, tendo en conta a matrícula nas distintas optativas ofertadas no curso anterior, non foi ofertada <i>G3171350 Traballo Social e Adiccións</i>
Baixa e nova contratación de profesorado e ampliación da adicación docente no curso	Con data 31 de decembro de 2018 causa baixa, por petición propia, como docente da EUTS o profesor que ten asignada docencia nas materias que se relacionan: <ul style="list-style-type: none"> • Teorías e Modelos de Intervención (1C) • A Investigación Cualitativa en Traballo Social (1C) • Practicum (1C e 2C) • Traballo Social con Maiores (2C) • Obradoiro de Investigación Social (2C) • Traballo Social e Saúde (2C) • Traballo Fin de Grao En relación as materias do primeiro cuadrimestre, solicítouse á Secretaría

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 50 de 53

	<p>Xeral que a Secretaria da EUTS poidese asinar as actas das materias afectadas, pois o profesor impartiu toda a docencia de ditas materias nese período. A avaliación da segunda oportunidade das mesmas, encargouse ao profesorado que, no curso seguinte ía impartir a docencia das mesmas.</p> <p>Con respecto a docencia nas materias do segundo cuadrimestre, distribuíuse a carga docente entre o profesorado do Centro. Este aumento da carga docente implicou a ampliación do contrato de traballo para unha profesora, a contratación dunha nova docente a tempo parcial, e o incremento das horas de docencia para outra profesora con adicación exclusiva.</p>
--	---

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	En CD carpeta ActasCTeCCC
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF (a facer pola UAXCD) envíase relación elaborada polo centro en pdf
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502230_P.Ind_2018-2019
			2502230_INF.16_2018-2019
			2502230_INF.CiUG_2018-2019

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019		Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO		Páxina 51 de 53

1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502230_P.Ind_2018-2019
			5419_INF.03_2018-2019
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502230_P.Ind_2018-2019
			2502230_INF.04_2018-2019
			5419_INF.05_2018-2019
			2502230_INF.06_2018-2019
			2502230_INF.07_2018-2019
			2502230_INF.08_2018-2019
			2502230_INF.09_2018-2019
			5419_INF.10_2018-2019
			5419_INF.11_2018-2019

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 52 de 53

			2502230_INF.13_2018-2019
			2502230_INF.14_2018-2019
			5419_INF.21_2018-2019
			2502230_INF.22_2018-2019
			2502230_INF.23_2018-2019
			2502230_Informe_de_indicadores_2018-2019
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502230_P.Ind_2018-2019
			2502230_Informe_de_indicadores_2018-2019
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502230_E15_2018-2019
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5419_E16_2018-2019 – Non creado para a EUTS
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5419_I6-I7_2018-2019 – Non creado para a EUTS
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5419_I6-I7_2018-2019 – Non aplica
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	2502230_INF.13_2018-2019
			2502230_INF.14_2018-2019
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5419_I10_2018-2019
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	En CD. Carpeta Practicum – Oferta prácticim.pdf

	MEMORIA DE CALIDADE Escola Universitaria de Traballo Social 2018-2019	Código: F02-PM-01 Versión: 01 Data: xullo 2020
	FORMATO	Páxina 53 de 53

5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	En CD. Carpeta Practicum
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	En CD. Carpeta TFG por curso
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2502230_INF.15_2018-2019
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502230_P.Ind_2018-2019
			2502230_INF.17_2018-2019
			2502230_INF.18_2018-2019
			2502230_INF.19_2018-2019
			2502230_INF_SIIU_2018-2019
			2502230_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502230_P.Ind_2018-2019
			2502230_INF.CIUG_2018-2019
			2502230_Informe_de_indicadores_2018-2019
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502230_EIL-SIIU_2018-2019 2502230_EIL-ACSUG_2018-2019
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,....)	2502230_P.Ind_2018-2019 2502230_Informe_de_indicadores_2018-2019 2502230_MedUSC_2018-2019